

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

EXTRACTO da Orde do 30 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aprod-Economía Social) e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento TR802G e TR802J).

BDNS (Identif.): 886939.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/886939>.

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/879702> (minimis agrícola).

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/879705> (minimis pesca).

Os códigos asignados pola BDNS corresponden a un mesmo texto de convocatoria

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

As cooperativas e sociedades laborais, para o programa I, e as persoas desempregadas, socias ou traballadoras de cooperativas ou sociedades laborais ou doutras empresas que se transformen nestas, para o programa II.

Segundo. *Obxecto e finalidade*

Fomentar a incorporación de persoas desempregadas e persoas traballadoras temporais a cooperativas e sociedades laborais a través dos seguintes programas:

Programa I: dirixido a fomentar a incorporación, como persoas socias traballadoras ou de traballo de cooperativas ou sociedades laborais, de persoas desempregadas, persoas traballadoras con carácter temporal e de persoas socias a proba.

Programa II: dirixido a fomentar o acceso á condición de persoas socias traballadoras ou de traballo de cooperativas ou de sociedades laborais, así como o fomento do acceso

CVE-DOG: wrfp8ca5-yoy7-bm71-v8a0-afkzqv9ezvj3



de persoas emprendedoras por conta propia á condición de socias de cooperativas, a través do financiamento das achegas económicas ao capital social.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 30 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aproz-Economía Social) e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento TR802G e TR802J).

Cuarto. *Contía*

O orzamento total ascende a cinco millóns de euros (5.000.000,00 €) e a distribución inicial de créditos por programas é a seguinte:

– Programa I: 2.800.000,00 €.

– Programa II: 2.200.000,00 €.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do oitavo día hábil seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, ás 9.00 horas, e finalizará o 16 de setembro de 2026, ás 20.00 horas, agás que se produza o suposto de esgotamento do crédito.

Sexto. *Outros datos*

Os incentivos a que se refire esta convocatoria están sometidos ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos establecidos nos regulamentos da Comisión (UE) 2023/2831, 1408/2013 ou 717/2014, segundo proceda.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2025

José González Vázquez
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

